



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/1	El Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

16/01/2025

Duración:

Desde as 11:04 ata as 12:37

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES, ordinaria de data 13/11/2024 e da extraordinaria de data 01/10/2024

A Señora Alcaldesa pregunta os concelleiros se teñen algunha obxección os borradores das actas da sesións anteriores, a sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2024 e a extraordinaria de data 01/10/2024 distribuídas coa convocatoria.

A Portavoz do BNG manifesta que, vai votar en contra da acta da sesión extraordinaria de data 01/10/2024 xq non consta na mesma a resposta a pregunta que fixo sobre as “Árbores e a rotura dun banco no camiño que une a ruta do colesterol e Painzás”.

A Señora secretaria responde que, debería de constar e se non consta debe de ser por un erro no programa a hora se xerar a acta e pregunta se quere que conste en acta a resposta.

A Portavoz do BNG responde que no porque a acta está incompleta atendendo o que ela recibe.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria de data 13 de novembro de 2024 obtivo os votos a favor dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, e tanto a concelleira do Grupo do BNG como os tres concelleiros do Grupo do PP abstivéronse, resultando aprobada.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión extraordinaria de data 1 de outubro de 2024 obtivo os votos a favor dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, e tanto a concelleira do Grupo do BNG como os tres concelleiros do Grupo do PP votaron en contra, resultando aprobada.

APROBACIÓN ,SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE





Concello de Lourenzá

AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LOURENZÁ

A Señora Alcaldesa manifesta que, sería a modificación do prezo dos usuarios de libre concurrencia, polo incremento do IPC que está sen revisar dende o ano 2014 serían 2,99 euros de subida na hora e pasaría de 12,50 a 15,49.

A Portavoz do Bloque pregunta, se unha persoa se da de baixa na libre concurrencia por calquera causa a hora de recuperar a axuda pode.

A señora Alcaldesa responde, vólvese a valorar e se a circunstancia do usuario se da si que se volvería a valorar e daría.

A Señora Remedios pregunta se fan algunha hora extraordinaria e se sube o IPC.

A señora Alcaldesa responde que, normalmente van dentro de todo o horario.

O portavoz do PP pregunta porque se tarda tanto en subir se fora progresivo sería menos gravoso e a xente o notaría menos.

A Señora Alcaldesa manifesta que se debería de ir facendo cada ano.

Unha vez finalizado o debate, o Pleno Municipal cos votos a favor, dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE e as abstencións, da concelleira do Grupo do BNG e dos tres concelleiros do Grupo do PP, en votación ordinaria e por maioría ACORDOU :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lourenzá, nos seguintes termos:

Artigo 1º.- OBXECTO:

É obxecto da presente ordenanza fiscal, de conformidade co establecido no art. 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 41 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a ordenación do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lourenzá.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase nos termos establecidos no regulamento aprobado.

Artigo 5º.- CUSTO DO SERVIZO

O prezo/hora do servizo de axuda no fogar establécese en **15,49 €/hora** . Este prezo será revisable anualmente segundo o IPC.

SEGUNDO.- Sometelo presente acordo plenario a exposición pública a efectos de reclamacións, durante 30 días hábiles, e anuncialo mediante a publicación no





Concello de Lourenzá

Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello .
TERCEIRO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o procedemento ata a súa conclusión. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no Boletín Oficial da Provincia.
CUARTO. - Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de canta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo.

Unha vez que se procede á votación, pola Sra. Alcaldesa proclamouse o acordo adoptado, no senso anteriormente indicado.

APROBACIÓN ,SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE LOURENZA Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

A Señora Alcaldesa manifesta que se trata da adhesión do Concello de Lourenza a Central de contratación da FEMP nos seguintes termos:

"

PROPOSTA DA ALCALDÍA

"Antecedentes:

La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de Gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de Contratación al amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 1.35 de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

La Central de Contratación de la FEMP se rige por lo dispuesto en los artículos 227 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

El Ayuntamiento de Lourenzá (Lugo) está interesado en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 de la referida Ley 9/2017 y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la Central de Contratación de la FEMP, la alcaldía propone al Pleno, la adopción del siguiente ACUERDO:

PRIMERO.- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los





Concello de Lourenzá

misimos.

SEGUNDO.- Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

TERCERO.- Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos".
Unha vez finalizado o debate, o Pleno Municipal cos votos a favor, dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE e as abstencións, da concelleira do Grupo do BNG e dos tres concelleiros do Grupo do PP, en votación ordinaria e por maioría ACORDOU :

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para aos efectos oportunos.
Unha vez que se procede á votación, pola Sra. Alcaldesa proclamouse o acordo adoptado, no senso anteriormente indicado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA PRESENTADA POLO BNG DE MORATORIA NA APLICACIÓN DA SUBA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DA AUGA E NA SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES APROBADA/O NO PASADO PLENO DE 13/11/2024

A Señora Alcaldesa cede a palabra a Portavoz do BNG.

A Portavoz do BNG pasa a dar lectura a seguinte proposta:

"PROPOSTA

Exposición de motivos

No pasado pleno de 13 de novembro de 2024 a Corporación Municipal de Lourenzá aprobou a suba da Taxa polo Subministro da Auga así como a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmobles.





Concello de Lourenzá

No referente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento e saneamento da auga, a cota incrementábase nun 24,20%. o gravame do Imposto de bens inmobles tanto de natureza rústica como urbana pasou do 0,55 % ao 0,70%.

Os inmobles nos que se localicen unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras poderán gozar dunha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto ou dunha bonificación do 50% si no mesmo inmovible existen outras construcións destinadas a un uso distinto do agrogandeiro sempre previa solicitude dos interesados, é dicir a bonificación terá carácter rogado.

Os agricultores e gandeiros representan un eixo fundamental no desenrolo da economía produtiva local sendo un sector estratéxico e dinamizador ao que debemos apoiar e protexer como unha das principais fontes xeradoras de riqueza, xa que a industria é escasa no noso Concello.

No 2024 o sector primario de Lourenzá sufriu unhas perdas que rondan o 80% da súa produción no referente ao noso produto senlleiro, a Faba.

Pero as perdas non acaban aquí posto que volver a producir en condicións adecuadas levará tempo e gasto xa que haberá que sanear tanto as terras como mercar novas sementes na maioría dos casos, incrementando aínda máis o nivel dos gastos.

Os gandeiros tampouco o pasan mellor, pois a climatoloxía adversa que nos acompañou no 2024, implicou perdas na calidade das forraxes e sobre-custos nos gastos para a manutención do gando que se arrastrarán ata entrado o próximo ano .

Por isto presentamos á Corporación laurentina a seguinte PROPOSTA URGENTE:

Que o Pleno do Concello de Lourenzá aprobe unha MORATORIA de polo menos un ano na aplicación da suba de stas taxas, xa que en momentos de dificultades económicas non debemos cargar máis a este sector primordial para a economía local resentido polas perdas sufridas nas producións agro-gandeiras e que verán minguadas as súas rendas de xeito moi importante, especialmente os fabeiros, e polo tanto tamén o comercio local verá afectado o volume dos seus negocios por mor da falta de ingresos, ao igual que o resto da veciñanza.

Deberemos buscar novas axudas e investimentos en todas as Administracións





Concello de Lourenzá

para que Lourenzá e os seus habitantes sigan gozando de servizos de calidade, priorizando e estudando ben cada investimento que se fai de xeito que evitemos endebedar as arcas municipais axustando o gasto e buscando unha maior eficiencia nos proxectos novos que se emprendan.

Lourenzá, a 10 de decembro de 2024.

A I A SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ

AI A SR. MANUELARANGO RON, VOCEIRO DO PARTIDO SOCIALISTA DE LOURENZÁ

A I A SR. ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO, VOCEIRO DO PARTIDO POPULAR DE LOURENZÁ”

Doña Remedios manifesta que están de acordo coa proposta e que ademais de agricultores e gandeiros tamén os comerciantes.

A Portavoz do BNG responde que sería para todos.

A Señora Alcaldesa responde que, xa o explicou no seu día, os Concellos cada vez teñen que asumir mais competencias, non se poden deixar de prestar os servizos que son prioritarios e cada vez teñen que asumir mais servizos, os custes e o escaso financiamento dos Servizos Sociais que lle custa o Concello entre 400.000,00 e 500.000,00 euros así como o gratuidade PAI que non e tal xa que po Concello ten un custo de mais 100.000,00 euros, xunto coa aplicación da RPT o persoal, non poden aceptar a proposta, a eles non lle gusta a medida adoptada pero necesitan os ingresos para poder facer fronte os gastos e xa se fixeron reunións cos agricultores e gandeiros o respecto. Unha vez finalizado o debate, o Pleno Municipal cos votos en conta, dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE e a favor, da concelleira do Grupo do BNG e dos tres concelleiros do Grupo do PP, en votación ordinaria e por maioría ACORDOU non aprobar a **PROPOSTA PRESENTADA POLO BNG DE MORATORIA NA APLICACIÓN DA SUBA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DA AUGA E NA SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES APROBADA/O NO PASADO PLENO DE 13/11/2024.**

MOCIÓN PP: PARA DEFENDER O PATRIMONIO DO CONCELLO E DAS CASAS VECIÑAIS EN CANTO O DETERIORO CAUSADO POLAS POMBAS E GAIVOTAS
--

A Señora Alcaldesa cede a palabra o Portavoz do PP.





Concello de Lourenzá

E é a concelleira Dona Remedios quen pasa a expoñer a seguinte Moción:

" O PP de Lourenzá, o amparo do disposto no artigo 97.2 e seguintes do "R.D2568/86 de 28 de novembro , Regulamento de Organización, funcionamento y régimen .Jurídico" das Entidades Locais, somete a consideración do Pleno da corporación Local

para o seu debate e aprobación da seguinte:

MOCION PARA DEFENDER O PATRIMONIO "MATERIAL DO CONCELLO E DAS CASAS VECIÑAIS EN CANTO O DETERIORO CAUSADO PO LAS POMBAS E GAIVOTAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Presentamos esta proposta despois de reunirnos con veciños afectados que sofren as consecuencias de esta praga, como son as casas do entorno do Cantón, da Praza Linares Rivas e Montero Villegas e en canto o Patrimonio Laurentino a Igrexa e o Mosteiro.

Os excrementos de estas aves, ricas en ácidos fosfóricos e úricos son moi corrosivos resultando un serio perigo para a integridade dos elementos arquitectónicos, especialmente pétreos e metálicos.

Para Iso entendemos que se terán que aplicar criterios técnicos que sexan precisos pero é fundamental atallar a proliferación de niños, controlar a poboación de estas aves e levar a cabo as accións necesarias e urxentes que garanten a salubridade para a veciñanza (as pombas son portadoras de máis de 40 enfermidades para as persoas, hisplasmosis, neumonía, salmonelosis etc)

Tamén entendemos que se debe impedir que aniñen en solares abandonados, como a casa de Lozano , a casa de Cándido e outros solares, tomando medidas para que os donos de esas vivendas pechen todo acceso posible con carácter urxente.

As pombas están causando accións prexudiciais contra cubertas e fachadas de casas veciñais excrementos diarios en fiestras e balcóns , repisas que se hai que limpar diariamente, provocando a rotura de canalós e baixantes co conseguinte problema de riscos de goteiras, e obstrucións derivadas da acumulación de plumas e o situación dos niños.

Ademais dos prexuízos Que sUDón Dara os vecinos e Dara a conservación do Patrimonio Municipal, hai métodos de prevención que non entran en conflito coa





Concello de Lourenzá

reforma do Código Penal en materia de maltrato animal. "la Ley General de Sanidad atribuye a las Corporaciones locales en su artículo 42.3 al y el "el control sanitario del medio ambiente y de los edificios y lugares de vivienda y convivencia humana. También los Ayuntamientos tienen la competencia de la limpieza viaria

Centrándonos en la materia que nos ocupa, el artículo 6 de la LERSAL- Ley de 27/13 de 27 de diciembre, de Racionalización y sostenibilidad de la administración Local - da una nueva redacción al artículo 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen local, y por lo que respecta a la referencia a competencias de los Ayuntamientos en lo que viene a denominar "Salubridad pública", entiendo que englobaría las materias de seguridad alimentaria, salud ambiental y ciertos aspectos relacionados con la sanidad y protección animal.

Al hablar el texto de la LERSAL de competencias propias, se está haciendo referencia como establece la doctrina jurídica, tanto a las determinadas por norma de rango de ley con el suficiente grado de especificidad y que se ejercen con autonomía y bajo la responsabilidad de los municipios, como a leyes estatales o autonómicas reguladas de la materia, donde se haya precisado expresamente la atribución municipal en dicho ámbito material. Este último supuesto, es el que ampara que partiendo de la competencia citada que se recoge en el artículo 25 de la LBRL, se hayan aprobado tanto a nivel estatal como autonómico leyes que atribuyen competencias muy amplias a las entidades locales en el campo de la salud o salubridad pública".

PROPOSTA DE ACORDOS

Adoptar de xeito inmediato un Plan de apoio ao Patrimonio que conteña medidas e recurso para garantir a protección da Igexa e o Mosteiro . para evitar a corrosión e afectación de todo o seu conxunto ornamental, co obxectivo de prevenir situacións de deterioro alarmante como se están xa a producir desde hai anos.

1. Desenrolar actuación de control da poboación de pombas con intensidade. Manter os parques, patios e xardíns limpos.
2. Remitir un bando para a limpeza e peche de solares abandonados onde aniden as pombas, dando exemplo o Concello, controlando as pombas nos edificios da súa propiedade.





Concello de Lourenzá

3. Utilizar métodos de cetrería, en primeiro lugar , e como outros métodos a seguir alimentación anticonceptiva .

4. Que o Concello se faga cargo dos danos ocasionados por esta praga nos inmobles veciñais que son vivenda habitual dos veciños agás aqueles que os propietarios deixan abandonar que instamos o Concello que insista en peche e limpeza de eses inmobles.

5. Que o Concello faga uso urxente das súas competencias e solicite as axudas pertinentes as diferentes administracións para remediar esta situación en coordinación no caso da igrexa e do Mosteiro de S. Salvador co Obispado Mondoñedo-Ferrol-.

O PORTAVOZ DO GRUPO PP LOURENZÁ”

A Señora Alcaldesa manifesta que, non vamos discutir se é ou non un problema, é un problema, xa ven de atrás e un problema que afecta a moitos concellos veciños non ós as palomas, estorniños a moitas aves;nalgún momento xa se valoraron algún método, xa se aplicaron algúns, incluso algún foi obxecto de manifestación polas asociacións ecoloxistas. O que propoñemos e que traslade o Obispado e a Consellería de Medio ambiente para que nos indiquen se é ou non unha praga, a responsabilidade de cada parte e os protocolos a seguir.

Doña Remedios pregunta polas casas abandonadas na que entran as pombas ela di a casa de Cándido porque pola parte de atrás están as ventás rotas.

A Señora Alcaldesa responde que esa e a pregunta que fan e xa contestan aquí vaise xirar unha comunicación oficial indicando o problema que hai.

A Portavoz do BNG pregunta respecto do punto catro no que se indica que o Concello se faga cargo dos danos ocasionados por esta praga,mellor que conteste o Concello algún propietario o solicitou formalmente.

A Señora Alcaldesa responde que non lle consta.

Dona Remedios manifesta que, si, se hai un deterioro real e o solicitan.

A Portavoz do BNG non ve o punto catro, se non hai solicitudes formales, parécelle mais conflictivo e no resto veñen a propoñer mais ou menos o mesmo a excepción do punto catro.

Doña Remedios manifesta que é un problema grave e que os veciños se queixan, o falcón sería unha solución pero sería moi caro e que o estivo mirando.

A Señora indica que tal como está a Moción non apoian o que eles propoñen e dirixirse a Medio Ambiente para que nos indique se é unha praga ou non e o que





Concello de Lourenzá

teñen que facer e contactar co que se acorde co Obispado.

Sometida a votación o Pleno da Corporación cos votos a favor dos once concelleiros, os sete do Grupo PS-d-GA-PSOE, o da concelleira do Grupo do BNG e os dos tres concelleiros do Grupo do PP, en votación ordinaria e por unanimidade ACORDA en relación coa Moción presentada polo PP de Lourenzá "PARA DEFENDER O PATRIMONIO "MATERIAL DO CONCELLO E DAS CASAS VECIÑAIS EN CANTO O DETERIORO CAUSADO PO LAS POMBAS E GAIVOTAS" o seguinte:

Primeiro.- Dirixirse conxuntamente a Consellería de Medio Ambiente e o Obispado, a Consellería de Medio Ambiente para que nos indique, se é unha praga ou non, o protocolo a seguir e as actuacións a realizar polo Concello de Lourenzá, polo Obispado e pola propia Consellería de Medio Ambiente.

Segundo.- Trasladar este acordo de forma oficial o Obispado como afectado.

Terceiro.- Facultar a Señora Alcaldesa para a firma de cantos documentos sexan necesarios.

ASUNTOS DECLARADOS URGENTES
Non hai.
B) ACTIVIDADE DE CONTROL
DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN SUBMINISTRADA DO COSTE EFECTIVO DOS SERVICIOS 2023 Os Señores Concelleiros danse por enterados
DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 02/11/2024 ATA O 31/12/2024
C) ROGOS E PREGUNTAS
PREGUNTA PP:PROLIFERACIÓN DE POMBAS

Pregunta:

"Recentemente, o grupo do Partido Popular de Lourenzá remitiu á prensa a preocupación que xera a proliferación de pombas na nosa vila. Este é un tema de alarma social que require unha solución urgente, como xa foi solicitado en outras ocasións por este grupo.

Sen embargo, seguimos sen ver acción concretas por parte do goberno local para abordar esta problemática. E importante lembrar que, por lei, corresponde ás competencias municipais a execución das obras necesarias para garantir a conservación das edificacións en condicións de seguridade e salubridade, especialmente cando os seus propietarios, neste caso, a Fundación Martínez Otero de Foz, non están a levar a cabo estas acción ou, se se lles requiriu en algunha ocasión por parte do Concello, fixeron caso omiso.





Concello de Lourenzá

A situación actual, derivada da presenza masiva de pombas, atenta contra estas competencias e pon en risco a saúde e o benestar dos veciños. En concreto falamos dunha casa que está abandonada e invadida non só pola parte dianteira, senón tamén pola fachada traseira, onde as ventás están totalmente abertas, permitindo que as pombas acampan e crían as súas anchas. Isto provoca insalubridade no entorno da Praza Linares Rivas e arredores. Vostedes son coñecedores desta situación dende fai tempo, xa que se lles presentou un escrito sobre o tema, do que non deron resposta a día de hoxe.

Por todo isto, preguntamos: Cando pensan tomar medidas sobre este tema que é de especial urxencia?"

Rogos:

Belén:

1.- Que se proceda a eliminar o vertedoiro incontrolado que se está formando en Recimil, no entorno da antiga canteira onde ademais dos restos de poda xa empezan a acumularse mobles vellos e escombros de obra.

Tamén sería preciso limpar a balsa de auga que escorrega dende a autovía así como rozar o seu perímetro posto que en moitos sitios xa nin se ve o peche e a auga corre polos camiños estragándoos. De non ser competencia municipal, esixir a quen corresponda.

Informa a Sra Alcaldesa de que iso depende do Ministerio de Transportes e que se lles dará traslado. Que non tiñan constancia da existencia dos mobles ou escombros de obra.

A Sra Fanego indica que restos de podas sí que lles debe constar porque o propio concello bota alí os seus propios restos.

A Alcaldesa manifesta que dos restos de poda sí teñen constancia e indica que os de incendios tamén botan alí os restos e despois o queiman de xeito controlado.

Indica a Sra Fanego que despois está o da auga que destroza os camiños que hai por alí e que esa balsa é un problema que se arrastra dende hai tempo. Non sabe se técnicamente se debería chamar balsa e a Alcaldesa manifesta que iso se lle trasladará ao Ministerio do que depende.

O tema dos mobles e demais van pasar a retiralos para que eses depósitos existentes non fagan un efecto chamada aos demais veciños e pasen a deixar alí tamén os seus enseres vellos.

2.- Que se repare a beirarrúa da Ponte da Pedra que presenta táboas mal asentadas, así como o empedrado de entrada na Praza Cesar Chavarría que está roto e valorar outras opcións xa que esta é unha zona moi transitada tanto de vehículos como de peóns.

Indica o Sr. Arango que non lles van a deixar facelo. Que cando se fixo o anterior arranxo no piso onde esta o aparcamiento, un pouco máis aló, daquela o que se propuxo facer, Patrimonio non deixaba nin poñer o piso tal e como está agora,





Concello de Lourenzá

aínda que ao final deixou pero que non foi nada fácil.

Comenta a Sra Fanego que iso que o valoren eles, pero é deles a opinión de cómo se debe facer pero que tal e como se atopa agora iso supón un perigo.

Manifesta a Sra. Alcaldesa que sí que é certo que as pedras rompen e a Sra Fanego contéstalle que non se pode estar sempre quitando e poñendo e poñendo e quitando, e que aporten eles (en referencia aos técnicos de Patrimonio), unha idea ou un sistema que eles opinen que sexa o adecuado para que aguante o paso do tempo e que aporten solucións e que se poñen problemas que se mollen un pouco para dar solucións e facelo de acordo co que eles digan si se pode.

3.- Que estude a creación de depósitos, especialmente na zona rural, para o almacenaxe e posterior recollida e tratamento por parte do Concello de envases de produtos fito-sanitarios e de uso agro-gandeiro así como plásticos e forraxes de silos, mesmo de pneumáticos vellos que acaban moitas veces en contedores de lixo orgánico ou plástico doméstico.

O mesmo pasa na Vila con restos de escombros de obra e diverso materiais que ocupan nas beirarrúas dando unha imaxe pouco estética.

Continua a Sra. Fanego expoñendo o seguinte: “E neste caso parece que hai unha xente que por empregar o que lle é máis cómodo pois deposita en determinados sitios que todos sabemos cales son, todos os restos de obras, enseres e o que lles da a gana, o que queren e naide lles dice nada e sabemos quen son porque logo lles pasa o Concello a recollelos e están ahí e que nalgúns casos supoñen un perigo porque mesmo hai cristais e outras cousas, eso na Vila, e no rural, e que non é que eu vaia revisando os contenedores, pero cando vou botar ao contenedor pois atopo o que se tirou neles e xa sei que a xente facémonos moi cómodos e por non avisar ao punto limpo o deixan en calquera sitio e claro así temos todo. E non sei algunha medida, xa sei que me van a decir que a xente está moi concienciada e saben moito como teñen que reciclar e todo porque xa mo dixeron máis veces pero recordalo en algún momento, facer algunha charla máis nas parroquias incidindo nese sentido pois non viria mal.

A Sra Alcaldesa manifesta que iso o entende e que quizáis si que se houbera algún punto por exemplo no tema dos plásticos si que pode axilizar un pouco esa tarefa.

Indica a Sra Fanego o dos envases dos fitosanitarios...e continúa a Sra. Alcaldesa dicindo que o dos escombros de obra o que se debe facer e levalos a unha planta de tratamento e pagar.

Manifesta a Sra Fanego que visto polos seus ollos hai ese tipo de restos nos sitios onde non procede e a Sra. Alcaldesa indica que o Concello ten baleirado varios contenedores con escombros e restos de azulejos e que iso é unha responsabilidade da empresa que ten que facer esa gestión dos residuos tanto do escombros de obra como outros tipos de enseres, e que como se poña un punto onde se poidan tirar os restos de obra van todos cantos constructores haxa e van ir alí tirar os escombros e iso non podemos facelo. Hai unha planta onde hai que pagar por levalo e iso é así.

A Sra Fanego indica que igual que che deixan un lavabo, unha televisión, unha nevera, unhas portas... e a Sra Alcaldesa replícalle que non é igual un residuo de uso doméstico e outra cousa ou dun negocio por exemplo, que os talleres por exemplo teñen que ter o seus gestores de residuos, aceites e demais. O





Concello de Lourenzá

escombros de obra teñen que levarlos os constructores.

A Sra Fanego dí que as veces chaman ao concello e lles recollen algunha tella e outras hai escombros de obras durante semanas.

A Sra. Alcadesa indica que teñen recollido ata loza que non se recolle dende o Concello e que o que sucede é que a xente tira todo no contenedor e que o final é o Concello o que ten que recoller e levalo alí e pagar por iso. Explica o que sucedería cun exemplo se houbera unha explanada e todo o mundo tirase alí os escombros e indica que iso non pode ser. E que enton sería o Concello o obrigado a facelo.

A Sra Fanego remata explicando que as veces está todo cheo dos plásticos de silos e que non pode tirar o lixo e que habería que miralo.

4.- Que se renove e mellore a parte traseira, contra o río, da nave da feira na que se instala o polbo, arranxando as escaleiras e mellorando o aseo existente no exterior desa zona.

A Sra. Alcadesa informa que se van a arranxar as cubertas das dúas naves cun convenio coa Diputación e que ao mesmo tempo faranse as mellores que consideren oportunas pero que sí que é verdade que o baño non está en boas condicións. Antes utilizábanse os dous aseos que estaban na outra nave pero que agora ao non existiren eses utilízase só ese aseo. Entonces as condicións actuais do aseo non son as mellores pero que se mirará de solucionalo.

Indica a Sra Fanego que é unha cousa básica e que sería ben que as persoas aínda que van ao que van, non estaría de máis que tiveran un aseo ao que ir e que estea en condicións así como esa escaleira que hai de acceso pola parte traseira da nave do polbo.

Por parte do PP:

1.- Recibimos numerosas queixas das obras que se estan a realizar na pista que esta situada en Maderne que vai a depuradora; os operarios do concello realizaron traballos de mantemento o mercores 8 de xaneiro, quedando esta mesma intransitable, e tamen varias fincas estan asolagadas que cando antes non o estaban, debido a que a auga non ten unha saída, cando antes a tiña. Tamen nos informan que en moitos sitios estaba con gravilla, a cal agora desapareceu quedando so terra. Rogamos rematen as obras o antes posible, e nas condicións necesarias para que sexa de novo transitable.

A Sra Alcadesa explica que efectivamente a obra non está rematada que falta regularizar con zahorra e que así se lle trasladou a algún veciño que lles preguntou no seu momento.

A Sra Gómez manifesta que é mellor facelo con gravilla e non con zahorra ao que o Sr. Huertas indica que está pregunta é moi oportunista xa que saben que o día 8 estivo falando con Roberto e tiveron moitas incidencias precisamente polas circunstancias climatolóxicas.

A Sra Gómez indica que igual ese non era o día axeitado para facelo nin tampouco no inverno.

O Sr. Huertas comenta que esa obra fíxose a petición dun veciño e que estivo falando con él e esa foi a única queixa que tiveron e pregúntalles aos demais grupos que cantas queixas recibiron eles ao que o Sr. Díaz indica que él alomenos dúas e a Sra Fanego indica que tamén ao que o Sr. Huertas replica que





Concello de Lourenzá

iso foi unha persoa que pasou por alí cun tractor que pasou esporádicamente e que a pista non está intransitable, iso é mentira.

Indica a Sra Gómez que cando chova non, cun todoterreno sí, pero cun coche normal non.

O Sr Huertas insiste en que esa pista non se atopa intransitable, e en canto ao tema das fincas asolagadas informa de que esas fincas padecen dende hai moito tempo dun problema de auga enfoscada e que non é facil sacala de alí.

Indica a Sra Gómez que algunha maneira de sacala de alí debe haber.

A Sra Alcadesa indica que no tema da auga nas fincas é un tema que vén xa dende hai cinco ou seis anos, que ela o ve todos os días pero que nada ten que ver coas obras que alí se están a realizar.

Demándase por parte da oposición buscar unha solución a ese tema.

Explícase por parte da Sra Gómez que iso ven de hai anos de cando a concentración parcelaria que houbo un acordo previo con todos os propietarios naquel momento para proceder ao alquitranado e a Sra. Alcadesa pregunta que quen fixo ese acordo e cuestiona que se dende aquela non se fixo, agora as entidades responsables non o van a facer.

Coméntase polo Sr. Huertas que iso non é un problema de que a tajea non estea limpa senón de que asimismo que as parcelas non se atopan limpas e que non se pode sequera pensar en meter o tractor para limpar porque existen incluso alambres polo medio das parcelas e que algunhas incluso non se limparon nunca, que esa é unha das causas de que se anegan todas e que ademáis o regato pertence a Aguas de Galicia e que dende o Concello non poden facer o traballo que pertence a outra Administración Pública, que eles poden limpar un trozo pero non cando non lles pertence.

Dí a Sra Fanego que iso non debería ser tan difícil de solucionar, que non se trata de modificar os cauces senon de dirixir esa auga cara o rego e que son moi poucos metros.

Indica a Sra. Alcadesa que en todo caso iso depende de Aguas de Galicia e que os cauces non se van a cambiar

Indica o Sr Huertas que a finca do lado que pertence a outro propietario e que tamén esta tupida atopase anegada e que esta finca non se atopa á mesma altura que as outras fincas.

A Sra. Alcadesa volve a manifestar que a pista non está aínda rematada e que entende que este era o punto principal deste rogo.

Indica a Sra. Gómez que igual se podería intentar buscar un acordo coa finalidade de evitar problemas e o Sr. Huertas manifesta que él falou con este veciño e se puxo nunha postura na que non é posible chegar a un acordo e iso que se lle indicou que él non tiña que facer nada absolutamente.

Preguntas:

Informa a Sra Alcadesa que a pregunta pendente de resposta do Pleno anterior vaiselles a dar contestación por escrito.

Dáse paso ao turno de preguntas:





Concello de Lourenzá

Belén Fanego (BNG):

1- Despois da aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lourenzá para os exercicios 2023-2025: podería facilitar unha relación das subvencións e contías das axudas concedidas aos solicitantes dende a entrada en vigor de dito Plan ata finais do 2024 en cada unha das 4 liñas estratéxicas previstas?

A Sra Alcaldesa explica que se trata de catro liñas distintas: ARI, Servizos Sociais, Deportes e Cultura. Pasa agora a desglosar os importes correspondentes aos anos 2023 e 2024.

No ano 2023 concedéronse as seguintes:

ENTIDADE/ANO/IMPORTE CONCEDIDO

Vespa Faba 2022 1.034,50 €

Patrimonio Laurentino 2022 1.448,30 €

Banda de Música de Lourenzá 2022 319,80 €

Asociación Osorio Gutiérrez 2022 1.551,70 €

No ano 2024 concedéronse as seguintes:

ENTIDADE/LIÑA/ANO/IMPORTE CONCEDIDO

Vespa Faba 2023 1.800 €

Patrimonio Laurentino 2023 1.562,35 €

Asociación Osorio Gutiérrez 2023 2.639 €

Escolas deportivas 2023 6.000 €

Senderismo 2023 610 €

Atletismo 2023 390 €

Anpa Juan Rey 2023 850 €

ARI 2024

- Obra rehabilitación dun particular : 5.669,67 €

- Obra rehabilitación dunha comunidade de propietarios: 24.345,47€

Aos importes anteriores habería que sumarlle ademáis o Importe correspondente ao ICIO

Servizos sociais: axuda para repatriación dun falecido ao seu país de orixe (Rumanía) 2024

Pregunta a Sra Fanego se nas subvencións do ano 2023 meteronse subvencións do 2022 e no 2024 as do 2023.

Respostase que no 2023 incorporáronse facturas pertencentes ao exercicio 2022 e no ano 2024 facturas pertencentes ao exercicio 2023.

-En maio do 2024 aprobouse por unanimidade unha moción na que se instaba a Deputación Provincial de Lugo a facer un estudo e ver de solucionar as deficiencias que presenta a estrada LU P 2801 ao seu paso polas parroquias de Santo Tomé e San Adrao. En que data se lle comunicou esta moción a Deputación? Que trámites se teñen feito de cara a solucionar este tema?

A Sra Alcaldes indica que se aprobou no pleno en maio e se enviou en xullo a





Concello de Lourenzá

Deputación ao Servizo de Obras. Despois contactouse con Obras e cos propietarios nesas datas.

No mes de decembro de 2024, volveuse a contactar cos propietarios e estamos a espera do que se acorde entre os propietarios e Deputación, que os propietarios están dispostos a ceder pero están pendentes de saber que contraprestación se lles vai a dar por parte de Deputación.

- O valado de madeira que vai ao carón da área recreativa e de autocaravanas do Ranchito está en parte caído e en malas condicións, así como a beirarrúa, posto que semella que o terreo vai cedendo. Teñen pensado arranxala?

Si, con respecto a iso, o que se fixo na área de caravanas esa actuación que é unha actuación que está pendente de completar, con varias cousas. Unha parte xa foi arranxada por Conservación de Estradas anos atrás e substituída pero que unha maioría desa parte volve estar mal.

Trasládouse tamén a Infraestructuras que a parte do firme anexa a área de caravanas, o trozo que queda alí para que Infraestructuras o poida arranxar porque cree que así o conxunto gañaría moito e estaría mellor e agardamos que tamén se poida completar esa actuación ou se poida facer a súa substitución. Non está segura de se se vai a facer pero agárdase que sí.

Indica a Sra Fanego que o da beirarrúa non e agora mesmo algo urxente pero...

Indica o Sr. Huertas que está cedendo moitismo ao que a Sra Alcaldesa mostra a súa confirmade a esa afirmación.

Informa a Sra Alcaldesa de que está cedendo moitísimo, e que derivado da actuación anterior iso implica unha maior necesidade de que o conxunto e o entorno esté mellor conservado porque antes practicamente non tiña uso pero que agora evidentemente a xente vai ir alí e co uso precisa moito máis mantemento.

Indica a Sra Fanego que cando ella falaba dos restos de poda por parte dos traballadores do Concello e que non se lle forzase a Estradas a que limpasen e expropiasen aquel trozo grazas a que chegaron a conclusión de que era por algo e que se se está arranxando o entorno e por algo.

-Cantos animais hai neste momento recollidos no recinto feiral ou noutros recintos propiedade do concello? Faise algún control veterinario? Procedeuse a súa identificación con chip?

Indica a Sra. Alcaldesa que actualmente hai dous cans, fixoselles control veterinario e non tiñan o chip. Agora mesmo están pendentes de, pero non cree que se demoren moito máis dun mes, estase analizando unha proposta para un posible convenio ou contrato, aínda non está claro que tipo, cunha empresa ou protectora de cara a por fin ter ese problema solucionado e regularizado.

Pregunta a Sra. Fanego por cal sería e a Sra Alcaldesa resposta que a protectora que hai en Xermade que leva tamén zonas como Mondoñedo.

-Que pasou cos bancos da Avenida de Mondoñedo? Nuns casos levaron as táboas para reparar e noutros cortaron o banco polo pé. Van repoñerse?

Indica a Sra Alcaldesa que se cortaron os tornillos porque iso vai posto cunha resina e se sacaron para proceder ao seu pintado e para proceder tamén os





Concello de Lourenzá

ferros e que se quitou de xeito operativo para pintado na carpintería. Que alí faise quizáis o traballo máis cómodo e se fixo así nese caso e que sí se van a poñer.

Indica o Sr. Huertas que o traballo non está solo neso ao que a Sra Fanego mostra a súa conformidade e a Sra Alcaldesa continúa indicando que ese traballo comezouse a facer despois da Festa da Faba e despois comezaron xa co de Nadal e houbo cousas que tiveron que aparcar e centrarse noutras.

-Son coñecedores da falta de coordinación e disfuncións existentes en servizos básicos prestados por este Concello? Teñen pensado tomar algunha medida para solucionar estes temas?

Exemplos:

No período de Nadal, as comunicacións telefónicas cos servizos sociais municipais foron imposibles durante varios días.

No mes de novembro, o PAI quedou sen limpar polo menos en 3 días (xoves)

A pesares de existir lavadoras no campo de fútbol, hai problemas co lavado da roupa e tamén coa limpeza dalgunha parte das instalacións pola falta de persoal ou por un mal reparto das tarefas.

A última acta de Comisión de Goberno que nos remitiron foi a do 8 de agosto de 2024.

A falta de persoal para estes cometidos é na maioría dos casos previsible, ó tratarse de xubilacións, permisos dos traballadores ou baixas maternais. Excepto accidentes ou baixas por enfermidades, o resto forma parte do día a día e parece unha tomadura de pelo que se permita esta falta de coordinación que da unha imaxe de total desinterese e pasotismo por parte de quen debера dar o mellor exemplo de xestión e servizos posibles de cara aos cidadáns.

A Sra Alcaldesa quere puntualizar dúas cousas antes de nada, no tema do teléfono si é verdade que estiveron sin teléfono pero foi porque dun día para outro cortaron o teléfono porque estaban coa substitución do cobre, sin ter información de nada, cos problemas que supuxo porque ademáis se lles insistiu, se estivo chamando continuamente para que o viñeran a solucionar e non foi unha tarefa fácil, pero foi dun momento a outro, e non afectou só a servizos sociais senon que foi tamén no Concello.

Con respecto ao da limpeza do PAI sí que é certo que durante uns días que houbo un problema de limpeza e tamén é certo que esos días non é que quedase o centro sin limpar, o que non se puido facer foi unha limpeza a fondo e pola mañan antes de comezar a xornada, incluso por parte do persoal do PAI procedeuse a limpar os baños e esas cousiñas.

En canto o do lavado da roupa do campo de fútbol non é exactamente como se dí. Houbo uns días que quedou a roupa sin lavar, e incluso a semana pasada tamén aconteceu. A persoa que se encarga da limpeza chegou no seu turno o luns e atopouse con que a roupa de xogar o fin de semana estaba sin lavar.

A Sra Fanego indica que non foi só o luns, senón que sucedeu máis veces, ao que a Sra Alcaldesa indica que o sabe pero que hai días que cando o luns chega a persoa encargada da limpeza e se xoga fora da casa ese fin de semana, esa





Concello de Lourenzá

roupa o domingo á noite non está alí e que entón non se pode lavar, e que se falou xa co Técnico de Deportes para que si se xoga fora da casa, esa roupa hai que procurar tela o domingo á noite ou como moi tarde o luns, porque si se leva o luns ata o martes non está lista, e así sucesivamente e que pode ser que si non se leva en tempo incluso si a precisan non a teñan limpa.

Pregunta a Sra Fanego que porque teñen que ser os traballadores do PAI os que fagan servizos de limpeza e se indica que todos son traballadores do Concello.

Respecto das actas, informa a Sra Alcaldesa que a última que teñen é a de agosto pero que as de setembro e outubro están feitas e pendentes de aprobar pola Xunta de Goberno Local e non están aprobadas. Que non é que non estean feitas por culpa do persoal encargado de facelas, é que non houbo ningunha Xunta de Goberno Local dende aquela e por iso están sen aprobar e sen enviar.

A Sra Fanego pide desculpas polo apartado das actas e incide en que, o tema das baixas médicas e xubilacións do persoal nestes casos concretos son previstas e podíase ter xente en formación con antelación e que non se trataba de ter as tarefas repartidas entre os outros compañeiros da plantilla. Que hai alomenos dúas persoas de atención ao público que non se cubriron ao que a Sra Alcaldesa indica que non sobran que fan falla e que de feito unha desas plazas vaise cubrir agora en breve.

A Sra Fanego volve indicar que hai unha falta de previsión e que os traballadores teñen dereito a ter un cuadrante e saber o traballo que teñen que facer, quen libra ou non libra, quen vai de vacacións ou quen ten que marchar antes e non cargarlles o traballo aos restantes compañeiros, un día sí pero de forma puntual por unha urxencia sí ou pedirlle a un compañeiro que lle remate un traballo porque tivo que marchar antes pero que o resto é falta de planificación e si é que non son necesarios entón e que temos unha plantilla sobredimensionada e que si faltan hai que cubrilos, partido socialista obreiro..

Di a Sra Alcaldesa que si son necesarios os traballadores.

Di o Sr Arango que a financiación que teñen os concellos non depende do partido socialista obreiro español, que dependen doutro organismo e que non os financian adecuadamente que é o que fai que aos concellos lles sexa imposible contratar. Neste caso é concretamente así, porque non hai financiación.

Produce a intervención conxunta da Sra. Gómez e do Sr. Díaz onde indican que non é un problema de falta de financiación, que o que hai é un problema de organización.

O Sr Arango indica de novo que un dos principais problemas é o da financiación por iso non se pode contratar ao que de novo a Sra. Gómez pregunta si esa é a causa principal ao que o Sr Arango indica que sí, que incluso houbo un ano no que non se podía contratar, precisamente este ano pasado.

Volve a insistir a Sra Sandra en que si non se contratou por falta de financiación e o Sr Díaz replícalle ao Sr Arango que o problema é tamén a falta de planificación, que das facturas que hai por resolución de Alcaldía, por exemplo hai unha da Festa da Faba na que se contratou unha orquesta por 6.000 euros e que podíamos gastar menos, ao que a Sra Gómez indica que igual nos valía unha de menos ao que o Sr. Arango di que si non trouxeran unha orquesta boa habían protestar tamén por iso. Indica o Sr. Díaz que él non dixo iso.





Concello de Lourenzá

Indica o Sr Arango que actualmente na Festa da Faba hai un presuposto de 30.000 euros e que noutros anos chegaronse a gastar ata 60.000 euros. Di a Sra Alcadesa que o tema da Festa da Faba daría para moito debate. Remata o Sr Arango indicando que non é que non os houbese, senon que se derrochaban. A Sra Alcadesa corta o debate por desviarse do tema da pregunta plantexada polo BNG.

Roberto Díaz (PP)

1.- No Pleno do pasado mes de setembro do 2024, preguntamos pola situación da plaza da funcionaria xubilada do corpo de administración das oficinas municipais, que o Concello sigue sen cubrir esa plaza concreta; e a maiores temos outra administrativa de baixa, cúa praza está tamén sen cubrir. Vanse cubrir estas prazas, e de ser así, cómo?

A Sra Alcadesa informa de que de momento vaise a cubrir a baixa da Administrativa, preguntan a Sra Sandra si en moi en breve, e a Sra Alcadesa indica que sí, e volve preguntar a Sra Sandra que cómo se vai a facer iso, a Sra Alcadesa informa de que está pendente de saír publicada no Boletín Oficial da Provincia.

2.- O pasado mes de decembro do 2024, a deputación provincial anunciaba fondos para os concellos, para o arranxo de vías. Sorprendeunos que o Concello de Lourenzá non recibise nin un só euro, habendo vías para arranxar. Cal é o motivo de que non se recibiran fondos?

Informa a Sra Alcadesa si é verdade que hai algunha vía provincial que está sin arranxar concretamente a que vai a Lindín ou a que vai ao Eiran pero que están incluso peor que aquí noutros Concellos pero que bueno nada que ver, simplemente non hai ningunha cuestión específica de porqué Lourenzá non percibiu axudas este ano, xa que os veu recibindo nos anos anteriores.

Preguntase por parte da Sra. Fanego se se solicitou e a Sra Alcadesa resposta que son vías provinciais.

No ano 2024 se procedeu ao arranxo de parte dunha delas que foi dende a Capela de San Sebastián que era un tramo que quedaba pendiente e no 2023 anteriormente no verano se procedeu ao arranxo do firme dende a isleta de San Adriano a San Sebastián e que en anos anteriores se fixeron a de San Adriano hacia Castiñeiras, que casi todos o anos saímos beneficiados e que é posible que este ano non porque haberá outros concellos que estean en peor situación e que se fará por parte de Deputación un reparto o máis equitativo posible entre o resto das vías provinciais.

Ao Sr Díaz parécelle extraño que dos 66 concellos cos que conta a provincia soamente quedasen dous ou tres sen recibir fondos, e a Sra Alcadesa replícalle que non é que non os recibiran nunca e que aquí salta á vista que están bastante ben e que nos últimos anos se arranxaron e con aglomerado en quente e que actualmente só quedarían esas dúas estradas sen arranxar.

3.- Neste Concello era tradición celebrar un xantar anual para os nosos maiores.





Concello de Lourenzá

Por qué no ano 2024 non se celebrou?

A Sra Alcaldesa indica que non se celebrou no ano 2024 polas circunstancias económicas derivadas do exercicio 2023, por un lado actualizacións de salarios, por outro lado que implicou máis gasto na partida de persoal e ao mesmo tempo un gasto pois que nos asfixia en servizos sociais porque necesitamos máis financiación por parte doutras administracións e un pouco en parte por iso, derivado desa situación. Non significa que non vaia habela, que a súa intención é facela, foi un ano extraordinario.

4.- Dende o inicio do verán do 2024, a pista de padel está inutilizada por non instalar un cristal. Algún usuario, comentou que dende o Concello lles dixeron que o cristal xa estaba encargado. Gustaríanos saber, a qué se debe este retraso na reparación desta instalación deportiva?

A Sra Alcaldesa refire que tamén obedece un pouco á situación comentada na pregunta anterior, encargado si está pero non deu orde de traelo e instalalo porque tiñan demasiado gasto e agardando un pouco cara a primavera deste ano para instalalo de cara ao bon tempo xa que no inverno non se pode realizar xa que o pádel a descuberto alí onde está a pista de pádel tampouco se utiliza. Si se vai a colocar e instalar para que dende a primavera se poida utilizar.

Pregunta a Sra Gómez si nunca pensaron en cubrila e si hai algunha subvención para iso.

A Sra Alcaldesa indica que para iso especificamente hai algunha, que no proxecto que había sí se contemplaba e que tiña que revisar se entraba na parte das instalacións deportivas e que anteriormente se meteron as pistas de fútbol, e que para poder usalo todo o ano habería que cubrila.

E non habendo máis preguntas nen asuntos pendentes, a Sra Alcaldesa procede a levantar a sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 4J4A6AR569DQJ2NWWCF6XANTJ
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 21

